

# LICENZAS E COTAS

Tempada 2017/18. Circular 17-04.

## 1. Introducción

**Para a tramitación de licenzas, será requisito imprescindible estar ao corrente de pago de todas as obrigas económicas (cotas de inscrición, licenzas, cota anual, sancións....)**

A seguir indícanse os importes das cotas para clubs e licenzas federativas para a presente tempada.

## 2. Cotas dos clubs

Primeira actividade: 220 euros

Seguintes actividades (por cada unha delas): 95 euros

Para os clubs de nova creación na súa primeira actividade aplicaráselle unha bonificación do 50% sobre a cota correspondente.

O pagamento da cota será imprescindible para a participación en calquera competición organizada pola FEGAN.

## 3. Cotas das Licenzas

INCLÚEN O SEGURO DE ACCIDENTES DEPORTIVO

Estamento		Euros
Deportista	Xeral	44,0
	Entre 6 e 16 anos	40,0
	Idade Promoción (ver idades no punto 4)	23,5
	Solicitada a partir do 1 de marzo	24,5
	Ampliación de licenza deportista para unha segunda modalidade deportiva en idade de promoción	16,0
	Ampliación de licenza de Escola a Deportista	27,5
Técnico	Xeral	44,0
Árbitro	Xeral	20,0
Directivo	Xeral	23,5
Máster	Xeral	44,0
	Solicitada a partir do 1 de marzo	24,5
	Solicitada por 1ª vez	24,5
Escola	Solicitaranse a traveso do XESDE. Estas licenzas <b>NON</b> se solicitan a traveso do <b>SDP</b> . Só se poden solicitar para os anos 2005 e posteriores.	23,5
Máster Deportista	Deportista Máster – sénior. Solicítanse <b>dúas licenzas</b> , unha no estamento deportista e outra no estamento máster	68,5

A idade (anos) entenderase cumprida a 31 de decembro do último ano da tempada en vigor.

O pagamento tanto das licenzas así como das cotas de clube deberá realizarse no momento da súa presentación á FEGÁN, xa sexa mediante talón nominativo a nome da Federación Galega de Natación ou a través de transferencia bancaria á conta de BANCO CAIXA GERAL código: ES90 0130 3006 2801 3695 1952 especificando claramente o concepto da transferencia.

O pagamento das licenzas será imprescindible para participar en calquera competición organizada pola FEGAN.

## 4. Licenzas de deportista, técnicos, directivos e árbitros

As licenzas de deportista en calquera das súas modalidades permiten a participación en todas as competicións organizadas pola FEGAN. Estas licenzas, así como as de Técnicos e Directivos unicamente poderán ser tramitadas polos clubs afiliados á FEGAN.

Poderase tramitar a licenza de Deportista Promoción nos seguintes casos:

En Natación para os nados no ano 2009 e posteriores

En Wáter-polo para os xogadores nados no ano 2007 e posteriores

En Natación Sincronizada para as nadas no ano 2007 e posteriores

Para participar nas competicións organizadas pola FEGÁN requirirase que todos os deportistas, técnicos e árbitros estean en posesión de licenza. Ademais durante a competición, os deportistas deberán estar acompañados por unha persoa do clube responsable do equipo e que posúa a correspondente licenza federativa, xa sexa de técnico ou de directivo. A devandita persoa será a única representante do clube durante a competición para todos os efectos.

Todas as licenzas de deportistas (incluídas as de promoción), técnicos, directivos e árbitros, deberán ser solicitadas a traveso do SDP e confirmadas pola FEGÁN. As licenzas deberán realizarse o antes posible (preferentemente durante o mes de setembro), debendo **estar en estado de «aceptada» polo menos 10 días antes de finalizar a inscrición en calquera competición.**

## 5. Solicitudes de licenza a traveso do SDP

### 5.1. Convencións

#### 5.1.1. Acentos

En tempadas pasadas, para evitar incidencias á hora de buscar o nome dun deportista, acordouse que estes se escribisen sen acentos. A día de hoxe xa non hai impedimento para que se empreguen caracteres acentuados, tanto o SDP como o Xesde non os discriminan nas buscas. Ambos aplicativos permiten buscar sen sensibilidade á acentuación por exemplo LÓPEZ buscará tamén os LOPEZ (sen acento). Polo tanto a partir desta tempada pódense (non é obrigatorio) engadir os acentos no nome e apelidos tal como son recollidos en documento oficial.

#### 5.1.2. Nomes longos

Os informes teñen limitacións en canto a lonxitude dos nomes, o que fai que corte os nomes que non caben, por dito motivo:

Cando unha persoa teña un nome composto recoméndase poñer un deles como abreviatura deixando con todas as letras só que emprega normalmente, por exemplo «Manuel Antonio» podería quedar como «Manuel A.»

Cando a persoa ten moitos apelidos ou son moi longos tamén se recomenda o emprego de abreviaturas ou poñer a inicial nalgún deles.

## 5.2. Altas e modificación de datos

É moi importante que a data de nacemento sexa a correcta e completa en canto a día, mes e ano.

Antes de dar de alta (alta é cando solicitando a licenza, o sistema pide inserir os apelidos, nome, sexo e data de nacemento) a unha persoa hai que asegurarse de que non estea xa no sistema. Se a tempada pasada tivo licenza, e despois de buscala non se atopa, contactar con [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) indicando o caso e os datos da persoa en cuestión para ver de procurar o seu actual identificador.

Todas as novas altas de persoas no SDP serán feitas con números FEGAN 9911... Para quen non teña rango de números, ou terminase os xa asignados, fará a solicitude enviando un ó correo electrónico ao enderezo [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) indicando que se precisan números FEGAN para a alta de novas licenzas e o número aproximado de números que se precisa.

As persoas que xa constan no SDP conservan o número de licenza que xa teñen.

Cando se vaia a solicitar unha licenza dun deportista que xa tivo esa mesma licenza (actividade e estamento) nun club distinto ao da súa última licenza aceptada, hase solicitar mediante a opción o cambio de club (do SDP), unha vez solicitado o cambio hase informar para proceder a aceptación do mesmo:

á FEGAN no correo [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org), se o anterior club é un club **pertencente á FEGAN**.

á RFEN, se o anterior club é un club **non pertencente á FEGAN**.

Cando se vaia a solicitar unha **cota de actuación nacional** dun deportista que xa tivo esa mesma licenza (actividade e estamento) nun club distinto ao da súa última licenza aceptada, hase **informar á RFEN** para procedan á aceptación do cambio.

Corrección de datos de licenza. No caso de realizar unha corrección nalgún dos datos básicos (nome, apelidos, sexo, data de nacemento) da persoa titular da licenza, hase comunicar sempre á FEGAN enviando un correo a [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) indicando en dito correo os cambios realizados.

## 5.3. Procedemento de tramitación

O procedemento de tramitación é o seguinte:

- As licenzas en estado «solicitada» procésanse en lotes semanais, ditos lotes van de xoves a mércores\*. É importante ter en conta que unha licenza solicitada en xoves non será procesada pola FEGAN até o vindeiro xoves.
- As licenzas solicitadas procesaranse os xoves, día seguinte de rematar o período do lote, dito día os clubs recibirán un correo electrónico onde se lles indicarán as instrucións a seguir para a realización do ingreso. Dito correo incluírá o **importe** das licenzas tramitadas e o **concepto que han de indicar no ingreso** relativo a dito paquete semanal de licenzas.
- O importe do ingreso debe coincidir co importe enviado no correo electrónico coa conta relativa ás licenzas que se están a tramitar nese envío. **Non serán admitidos aboamentos parciais**.
- En base ás transferencias recibidas que constan expresamente na conta bancaria da FEGAN até o mércores, as licenzas acéptanse os xoves (día seguinte). **Só se terán en conta as transferencias que consten recibidas na conta bancaria da FEGAN**, polo que **non se enviará o comprobante de ingreso** a non ser que sexa requirido de xeito expreso.
- As licenzas só se aceptan os xoves. Polo que é importante ter en conta que o prazo para que unha licenza solicitada pase de solicitada a aceptada pode ser de 8 a 14 días en función do día en que se solicite.
- É importante que os clubs revisen periodicamente a listaxe de licenzas tanto en estado «aceptada» como en estado «solicitada» que lle constan no SDP.
- Non é conveniente solicitar licenzas que non se vaian aboar na mesma semana que chega o correo

coas instrucións do ingreso.

- **As licenzas que no SDP non figuran como «aceptada» enténdese que non están aceptadas e polo tanto están sen asegurar.**

\* Os prazos poden verse alterados no caso de que xoves ou venres cadren a festivo. Nestes casos, ante a dúbida, recoméndase contactar con [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) para coñecer as datas exactas de corte dos lotes.

#### 5.4. Acreditación de identidade

Xunto coa tramitación da licenza en calquera estamento e/ou modalidade, presentárase copia de documento oficial onde aparezan o nome, apelidos e data de nacemento do titular da licenza, pode ser un DNI, carné de conducir, libro de familia, partida de nacemento... Dita copia de documento presentárase en formato JPG (unha simple foto desde o móbil adoita ser o máis doado) poñendo como nome do ficheiro o número de licenza da persoa á que pertence por exemplo 991120001.jpg. Estes documentos enviaranse a [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org). Non se admitirá máis dun documento por ficheiro. Para facilitar o control será a FEGAN quen solicite os documentos das persoas que falten.

#### 5.5. Outras consideracións

Cando a solicitude se trate dunha ampliación ou segunda licenza hase enviar un correo a [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org) co asunto Solicitude de ampliación/segunda licenza onde se indicarán os datos da licenza en cuestión (nome apelidos...).

Os resultados que cheguen á FEGÁN con licenzas que non sexan reais ou non aceptadas non serán admitidos. Amais é imprescindible enviar debidamente cuberto e asinado o Impreso de Solicitude de Licenza (ver Anexo 1). Dita solicitude enviarase a [info@fegan.org](mailto:info@fegan.org).

### 6. Licenzas de escola

As licenzas de escola non serán válidas para participar nas competicións oficiais da FEGAN a excepción do campionato escolar e aquelas nas que se especifique explicitamente.

As licenzas de escola **serán solicitadas a través do programa da XESDE** e confirmadas pola FEGAN (**para estas licenzas NON se empregará o SDP**). Desde dito aplicativo farase a solicitude de licenzas enviando sempre o correspondente informe PDF coa relación de licenzas a solicitar, os cales serán enviados a [licenzas@fegan.org](mailto:licenzas@fegan.org).

A Coruña, 21 de xullo 2017

Secretaría Xeral FEGAN



## ANEXO 1. IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE DEPORTISTA

Os datos aquí facilitados serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxa titularidade corresponde a a Federación Galega de Natación. A finalidade deste ficheiro será a de tramitar a súa alta como federado e a xestión da súa licenza federativa para a súa participación nos cursos e campionatos aos que concorra, así como para o envío das notificacións e publicacións da Federación.

Os seus datos serán tratados pola empresa de asistencia sanitaria, para a xestión do seguro médico obrigatorio dos seus federados e o tratamento das posibles lesións ou accidentes acaecidos durante o desempeño da actividade. Así mesmo, cando o deportista participe en competicións de ámbito nacional, os seus datos serán cedidos á Real Federación Española de Natación, así como aos distintos comités para o estudo, tramitación ou resolución dos distintos expedientes iniciados no seo da federación derivados da práctica da natación.

O deportista acepta e consente que durante a realización dos eventos, cursos, campionatos, concursos e demais actividades organizadas por esta, poidan realizarse sesións fotográficas para a súa posterior inclusión nas memorias anuais, na páxina Web da Federación ([www.fegan.org](http://www.fegan.org)) e demais documentación que teña como fin principal o fomento e difusión da natación.

Os deportistas federados, se o desexan, poden acceder, rectificar, cancelar e oporse ao tratamento dos seus datos, dirixíndose á Federación Galega de Natación na seguinte dirección: Avda. Glasgow nº13. 15008 A Coruña, acompañada de copia do DNI ou pasaporte.

D/Dna .....

Con DNI nº ....., solicita a tramitación da súa licenza

territorial no Clube ....., pertencente

á Federación Galega de Natación, para a tempada 20\_\_/20\_\_.

En....., a .... de..... de 20\_\_.

Asdo.: O deportista

Asinado .....

pai/nai ou titor/a (en caso menores de idade) con DNI: .....

NOTA: Os nadadores/as que realizan por primeira vez a licenza deben acompañar xustificación da data de nacemento. DNI escaneado, ou na súa falta, libro de familia.



## ANEXO 2. IMPRESO SOLICITUDE DE LICENZA DE TÉCNICO

Os datos aquí facilitados serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, cuxa titularidade corresponde á Federación Galega de Natación. A finalidade deste ficheiro será a de levar a cabo a xestión do rexistro de adestradores adscritos a esta para o desenvolvemento das funcións estatutariamente recoñecidas.

Os datos de carácter persoal que consten neste formulario unicamente serán cedidos cando unha disposición legal autoriceo. Así mesmo tamén poderán ser cedidos á Real Federación Española de Natación para a xestión oportuna da competición de ámbito nacional na que participe o adestrador.

Da mesma xeito, o adestrador acepta e consente que durante a realización dos eventos, cursos, campionatos, concursos e demais actividades organizadas pola Federación, poidan realizarse fotografías para a súa posterior inclusión nas memorias anuais, na páxina Web ([www.fegan.org](http://www.fegan.org)) e demais documentación da Federación que teña como fin principal o fomento e difusión da natación.

Recoñécense os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose á Federación Galega de Natación na seguinte dirección: Avda. Glasgow nº13. 15008 A Coruña, acompañada de copia do DNI escaneada ou pasaporte.

D/Dna .....

Con DNI nº ....., solicita a tramitación da súa licenza

territorial no Clube ....., pertencente

á Federación Galega de Natación, para a tempada 20\_\_/20\_\_.

Titulación ENE ....., data.....

En....., a .... de..... de 20\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_